

MAIO XUÑO

Estimadas familias,

Xa na recta final do curso, prestade atención ao que está acontecendo no noso colexio:

- 1** Con motivo do día das **Letras galegas**, adicado a Francisco Fernández del Riego, o martes 16, os alumnos terán unha tarde de lectura que estará amenizada con música galega. Celebraremos no colexio ademáis, distintas actividades durante a semana para coñecer a obra e traxectoria literaria do homenaxeado.

O mércores 17 non haberá clase.



- 2** O mes de Maio é o mes de María que festexaremos con distintos actos, también celebraremos o día de **Santa Luisa de Marillac**, fundadora das Fillas da Caridade.

- 3** As familias que desexen pedir os **libros de texto** para o próximo curso no colexio, poderán facelo na secretaría do centro cando reciban, a través de Educamos, as listas de libros correspondentes a cada curso.

- 4** Os alumnos de 4º de ESO terán a súa **ceremonia de graduación** e despedida o día 15 de xuño ás 16:00 horas.

Tamén celebraremos o **Paso a Primaria** do noso alumnado de 6º de Educación Infantil, o día 13 de xuño.

- 5** Queremos dar as grazas a todas as familias que colaborastes co programa de Amazon *Un clic para el Cole*. Grazas a el puidemos obter novos xogos didácticos para as clases e a aula de madrugadores.



- 6** Non podemos deixar atrás **outras actividades** programadas e realizadas en diferentes cursos nestes meses de maio e xuño: Inmersións lingüísticas en York (Inglaterra) e Foz (Lugo), charla de saúde oral infantil (Colexio oficial de dentistas), concerto de jazz no auditorio Mayeusis, participación en Faro da Escola, Charlas sobre alimentación saudable a cargo de nutricionistas pertencentes ao centro desaúde Coruxo-Rosalía de Castro, participación na Olimpiada Matemática e Rebumbio Matemático, proxecto 120 años NJP, excursións fin de curso, exhibicións de extraescolares (18 de maio), festa fin de curso en colaboración co ANPA (19 de maio) e, por último, retomamos o noso **FESTIVAL** a beneficio



de UNICEF! Terá lugar no auditorio **Mar de Vigo** o día 30 de

maio ás 17:30.

MAIO XUÑO

7 XORNADA MATINAL no mes de xuño

EDUCACIÓN INFANTIL	MAÑÁ
3 anos	9:00-13:50
4 anos	9:00-13:50
5 anos	9:00-13:50

EDUCACIÓN PRIMARIA	MAÑÁ
1º, 2º e 3º	9:00-14:00
4º, 5º e 6º	9:00-14:00

ESO	MAÑÁ
1º e 2º	8:30-13:50
3º e 4º	8:30-13:50

8 TITORÍAS.

É importante que vos poñades en contacto co titos e titoras dos vosos fillos para coñecer a súa evolución neste último trimestre.

A continuación, algunhas datas de interese en xuño:

- Entrega de notas EI e EP: mércores 21 de xuño (aos alumnos).
- Entrega de notas ESO: luns 26 de xuño.
- As familias que desexen unha cita coa tutora de EI e EP, poden pedila para o xoves 22 pola mañá.

De todas formas os titos poderán demandar unha cita ás familias para tratar temas que consideren de interese para o alumno e a súa proxección para o próximo curso.

- Último día lectivo: mércores 21 de xuño.

Un cordial saúdo.

A DIRECCIÓN